

## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

*EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS (ANPA) DE CENTROS EDUCATIVOS DE OURENSE QUE IMPARTAN ENSINANZAS DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E/OU ENSINANZAS OBRIGATORIAS QUE DESENVOLVAN ACCIÓNS NO EIDO DA EDUCACIÓN DURANTE O CURSO ESCOLAR 2023/2024*

Extracto da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPA) de centros educativos de Ourense que impartan ensinanzas de educación infantil, primaria e/ou ensinanzas obrigatorias que desenvolvan accións no eido da educación durante o curso escolar 2023/2024

#### **BDNS (identif.): 772832**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/772832>)

De conformidade co que establecen nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPAS) de centros educativos de Ourense que impartan ensinanzas de educación infantil, primaria e/ou ensinanzas obrigatorias que desenvolvan accións no eido da educación durante o curso escolar 2023/2024, cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### Primeiro. Beneficiarios:

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria aquelas asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPA) da provincia de Ourense que impartan ensinanzas de educación infantil, primaria e secundaria.

#### Segundo. Obxecto:

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, de subvencións para fomentar as actividades no eido da educación e todas as súas facetas que promovan as asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPA) de centros educativos da Provincia de Ourense que impartan ensinanzas de educación infantil, primaria ou secundaria, no mesmo ou en diferentes centros, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva.

Serán obxecto destas subvencións as ANPA que desenvolvan os proxectos e accións que teñan por obxecto o fomento de actividades educativas.



## Terceiro. Bases reguladoras:

Acordo da Xunta de Goberno do 3 de xullo de 2024, polo que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPA) de centros educativos de Ourense que impartan ensinanzas de educación infantil, primaria e/ou ensinanzas obrigatorias que desenvolvan accións no eido da educación durante o curso escolar 2023/2024.

## Cuarto. Importe:

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 33420/48099 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 50.000,00 euros.

## Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo improrrogable de presentación iniciarase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o 14 de agosto de 2024. Este será o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

Deputación Provincial de Ourense, 4 de xullo de 2024. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

**R. 2.241**

